

A CAIXA DOS  
*Sorrisos*

LIBROS PARA LER,  
RIR E APRENDER

O DEPORTE É DIVERTIDO.  
ESCOLLE O TEU PREFERIDO!

CARMEN GIL  
DEBUXOS TERESA RAMOS



  
cumio

A miña irmá co balón  
goza da súa paixón!  
Se xoga ao **fútbol** eu flipo.  
É a mellor do equipo!

Mete goles con descaro,  
que sente no banco é raro.  
Mais se perde, é elegante:  
felicita o contrincante.



A moura fai mil trasnadas  
cando xoga ás **agachadas**.  
Igal se esconde aquí ao lado,  
ca no alto do tellado.

E se se farta, a mouriña  
dá un meneo coa variña  
para volverse invisible  
e atopala é imposible!



Son, montando en **bicicleta**,  
o máis feliz do planeta.  
Adoro pedalear,  
máis ca aos peixes o mar!

Paseo por todos lados:  
por prazas e descampados,  
por parques e por campiñas...  
aínda que uso rodiñas.

